Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000128**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ABOAMENTO FACTURA (PROGRAMA GALEUROPA)

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000128

**ANTECEDENTES:**

No DOG do 15 de maio de 2017, saíu publicada a Orde do 2 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil GALEUROPA dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

A solicitude foi formalizala entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces, exercendo como representante a tódolos efectos o Concello de Boqueixón (previo convenio), presentando dita subvención con data 15 de xuño de 2017.

Con data 14 de xullo de 2017 a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado publica a resolución de GALEUROPA, procedemento BS324C nº de expediente 2017/C/001 aprobando ao Concello de Boqueixón (agrupación Val do Ulla - Concello de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces) por un importe de 123.075,96 €.
Con data 21 de xullo envíase a aceptación da axuda concedida por resolución da Consellería de Política Social e solicítase o pagamento anticipado do gasto.

Con data 22 de agosto recíbese a notificación da colocación dos 7 participantes por parte da entidade de acollida e solicitando o ingreso correspondente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Aboar a factura 1/2017 emitida por Ismael Gómez Montero por importe de 700,00 € en concepto de formación lingüística das clases de Italiano dos 4 participantes de Italia.
2. Aboar a factura nº185 emitida por Piccadilly School of English por importe de 1.674,00 € en concepto de formación lingüística dos 16 participantes de Reino Unido e Irlanda.
3. Facer o pagamento con cargo á axuda concedida.

En Boqueixón, venres 1 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 120/2017 - Fecha de decreto: 01/09/2017
Versión imprimible
CVD: C+UB1QCpQoY4GQgtmmlI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000129

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** XERACIÓN DE CRÉDITO II

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000129

**ANTECEDENTES:**

Visto o informe emitido pola secretaria-interventora accidental con relación á ampliación de crédito, polos importes que se indican e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO** aprobar as seguintes xeracións de crédito:

| Partida | | Importe | Xustificación |
|---|---|---|---|
| 334 | 22699 | 98.460,77 euros | Xunta de Galicia – Programa Galeuropa 2017 |
| 334 | 22699 | 10.587,50 euros | Dirección Xeral de Xuventude – Campo de Traballo O Pico Sacro |
| 920 | 22000 | 2.297,18 euros | Xunta de Galicia – Gastos funcionamento Xulgado de Paz |
| 153.2 | 14300 | 21.000,00 euros | Xunta de Galicia – Mantemento e mellora de espazos de utilidade colectiva - APROL RURAL |
| | 160.00 | 9.000,00 euros | |
| 920 | 23300 | 647,96 euros | Concello de Touro – Despido persoal Orientación laboral |
| 334 | 22609 | 1.863,00 euros | Xunta de Galicia – Achega Programación Cultural no Camiño 2017 |
| 342 | 21200 | 37.049,53 euros | Seguros Bilbao – Arranxo pavimento polideportivo do Forte por danos temporal mes de febreiro |
| 332.1 | 22699 | 2.338,73 euros | Xunta de Galicia – Diferenza entre o consignado e o concedido en subvencións para a biblioteca municipal |
| 241 | 22699 | 2.886,50 euros | Convenio Ramsa para a realización do IV Encontro da Fraternidade do Dragal |
| 334 | 22609 | 990,00 euros | Convenio Ramsa – Compra de exemplares do libro Ferido polo lóstrego. |
| 334 | 22699 | 4.995,00 euros | Campamento – intercambio con Ibiza – Ingresos participantes |
| 432 | 143.00 | 5.365,63 euros | Deputación da Coruña – Gasto do persoal do Punto de Información Turístico |
| | 160.00 | 1.722,37 euros | |
| 153.2 | 143.00 | 19.672,68 euros | Deputación da Coruña – Progama de integración laboral |
| | 160.00 | 6.591,80 euros | |
| | 226.06 | 500,00 euros | |

En Boqueixón, venres 1 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 121/2017 - Fecha de decreto: 01/09/2017
ersión imprimible
VD: njVb26zA4OzGiz2GsaTz
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000130

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACIÓN FESTAS VIRXE DE LURDES EN LESTEDO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000130

**ANTECEDENTES:**

Con data 4 de setembro de 2017, rexistro de entrada número 2017/0901, don José Santiago con DNI , enderezo na Cachosenande, parroquia de Lestedo, en calidade de Presidente da Asociación cultural Virxe de Lurdes, con CIF solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Virxe de Lurdes en Lestedo os días 9 e 10 de setembro de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Boletín eléctrico
- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade do escenario móbil
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Conceder ao presidente da Asociación cultural Virxe de Lurdes licenza para a realización da Festa de Virxe de Lurdes en Lestedo coas seguintes:

Día: 09/09/2017

**Tipo de espectáculo:** Orquestras Venecia e Principal

**Características do escenario:** Orquestra Venecia

Semirremolque (Lecitrailer) de 13, 87 mts. de longo, 2,55 mts. de ancho e 4 mts. de ancho.

**Características do escenario:** Orquestra Principal

Semirremolque caixa pechada de 13, 64 mts. de longo, 2,55 mts. de ancho e 4 mts. de ancho.

**Previsión de asistencia de público:** 500 persoas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 122/2017 - Fecha de decreto: 07/09/2017
Versión imprimible
CVD: u/jdq9dCQcKzfC1isZih
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000130**

| | |
|---|---|
| **O horario será de:** | verbena con baile pola noite de 11:00 á 4:00 horas. |
| **Día:** | 10/09/2017 |
| **Tipo de espectáculo:** | Banda Artística de Merza<br>Banda de Música Cultural de Teo |
| **Características do escenario:** | Non teñen escenario |
| **Previsión de asistencia de público:** | 300 persoas |

**O horario será de:** Pasarrúas a partir das 10:30 ata as 12:30 horas, sesión vermú de 12:30 ás 15:00 horas e pola noite de 21:00 ata as 24:00 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, luns 4 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 172/2017 - Fecha de decreto: 04/09/2017
Versión imprimible
CVD: u/jdq9dCQcKzfC1isZih
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000131**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION PARA TIRADA DE FOGOS EN LESTEDO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000131

**ANTECEDENTES:**

O día 4 de setembro de 2017, con rexistro de entrada núm. 17/1904 don Juan Manuel pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Lestedo (Virxe de Lurdes) os días 9 e 10 de setembro.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, luns 4 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 133/2017 - Fecha de decreto: 04/09/2017
ersión imprimible
VD: KrGiY6tYy6AWDiv91FVs
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000132

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION TIRADA DE FOGOS EN VIGO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000132

**ANTECEDENTES:**

O día 11 de setembro de 2017, con rexistro de entrada núm. 17/2034 don Juan Manuel , pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Vigo (Virxe de Lurdes e da Saleta) os días 16 e 17 de setembro.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, martes 12 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº 174/2017 - Fecha de decreto: 12/09/2017
Versión imprimible
CVD: gkLQM4YRV1aALHlwoIRj
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000133

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACIÓN FESTAS EN VIGO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000133

**ANTECEDENTES:**

Con data 8 de setembro de 2017, rexistro de entrada número 2017/2025, don José con DNI con enderezo no lugar de Castenda, 1, parroquia de Vigo, en calidade de Presidente da comisión de festas de Santa Eulalia de Vigo con CIF solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Virxe de Lurdes e da Saleta en Vigo os días 16 e 17 de setembro de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Boletín eléctrico
- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade do escenario móbil
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Conceder ao presidente da comisión de festas de Santa Eulalia de Vigo licenza para a realización da Festa de Virxe de Lurdes e da Saleta en Vigo coas seguintes:

**Día:** 16/09/2017

**Tipo de espectáculo:** Orquestra D´Lider e Grupo Surprise

**Características do escenario:** Orquestra D´Lider

Semirremolque de 12,47 mts. de longo, 2,50 mts. de ancho e 4 mts. de alto

**Características do escenario:** Grupo Surprise

Non ten escenario

**Previsión de asistencia de público:** 200 persoas

**O horario será de:** Sesión vermú con música a cargo da orquestra D´Lider de 14:00 ás 15:30 horas e verbena pola noite de 22:00 a 3:00 horas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 125/2017 - Fecha de decreto: 12/09/2017
Versión imprimible
CVD: BRLgQtYFacwN1nAXB+55
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000133**

**Día:** 17/09/2017

**Tipo de espectáculo:** Trío Sintonía

**Características do escenario:** Trío Sintonía

Semirremolque de 6,75 mts. de longo, 2,20 mts. de ancho e 2,94 mts. de alto

**O horario será de:** Sesión vermú con música a cargo do Trío Sintonía de 13:30 ás 15:30 horas

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.

- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, martes 12 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº: 1357/2017 - Fecha de decreto: 12/09/2017
Versión imprimible
CVD: BRLgQtYFacwN1nAXB+55
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000134

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA ETAP DO PONTILLÓN

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000134

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno do día 20 de xullo iniciase a contratación, polo procedemento negociado sin publicidade da obra denominada Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros por importe de 67.476,28 euros.

Enviouse invitación a tres empresas especializadas no sector e publícase a licitación na páxina web do concello.

No prazo establecido para o efecto, presentaron ofertas as seguintes empresas:

Clece, SA

Félix y Viñas, SLU

A empresa Equipos de Señalización y Control SA presenta a súa renuncia ó concurso de licitación da obra, baseándose en motivos organizativos e de produción.

Na resolución da alcaldía ditada o día 24 de agosto, realizouse a valoración das ofertas presentadas. A oferta económica presentada por cada unha das empresas é a seguinte:

| Código | Oferta económica |
|---|---|
| 75 R3 | 65.479,45 euros |
| N4YZ | 66.913,00 euros |

A continuación transcríbense as puntuacións acadadas por cada empresa:

Os

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | |
| 75R3 | 9 | 4 | 4 | 10.50 | 1 | 2.55 | 6.64 | 37.69 |
| N4YZ | 6 | 0 | 0 | 4 | 0.59 | 1.50 | 1.93 | 14.02 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1267/2017 - Fecha de decreto: 13/09/2017
Versión imprimible
CVD: NXVCOYShf5YrZCmlq3/G
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



códigos alfanuméricos que pertencen a cada unha das empresas, e que se utilizaron na negociación son os seguintes:

Clece,SA – 75R3

Félix y Viñas, SLU: N4YZ

A partires deste momento, e segundo a acta do órgano negociador de data 30 de agosto de 2017, iniciase a fase de negociación comunicando ás empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. O criterio a negociar é a oferta económica.

Neste caso a oferta económica máis baixa foi presentada por Clece,SA por importe de 65.479,45 euros.

No período establecido para a negociación, a empresa Clece, SA ratifícase na súa oferta económica por importe de 65.479,45 euros.

A empresa Felix y Viñas, SLU non se presenta á negociación polo que queda eliminada do proceso de contratación.

Na resolución ditada o día 30 de agosto, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso que a continuación de reflicten:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | |
| Clece, SA | 9 | 4 | 4 | 10.50 | 1 | 2.55 | 6.64 | 37.69 |

Nesta mesma resolución, acórdase requirirlle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 10 días hábiles.

Con data 30 de agosto envíase o requirimento á empresa Clece,SA e con data 12 de setembro pesenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato no prazo de cinco días hábiles e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros á empresa Clece, SA por importe de 65.479,45 euros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 126/2017 - Fecha de decreto: 13/09/2017
Versión imprimible
CVD: NXVCOYShf5YrZCmlq3/G
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000134

2. Designar como técnico director da obra ó redactor do proxecto Pablo Rojo Losada

3. Formalizar o contrato no máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.

4. Notificar esta resolución ós licitadores e publicala na páxina web.

En Boqueixón, mércores 13 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

ecreto Nº: 126/2017 Fecha de decreto: 13/09/2017
ersión imprimible
VD: NXVCOYShf5YrZCmlq3/G
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000135**

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION TIRADA DE FOGOS EN LEDESMA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000135

**ANTECEDENTES:**

O día 14 de setembro con rexistro de entrada núm. 17/2074 don Bernardino , con dni , en representación da Comisión de festas de Ponte Ledesma, presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de San Salvador de Ledesma o día 17 de setembro de 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, xoves 14 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº: 127/2017 - Fecha de decreto: 17/09/2017
Versión imprimible
CVD: 6qpml8jGnQub0wx6uN1n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000136**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN PRÓRROGA CONVENIO TELEFÓNICA MÓBILES

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000136

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno do día 7 de xullo de 2016, acordouse prorrogar o convenio asinado coa empresa Telefónica Móbiles España, SA polo que se arrenda un espazo de 30 metros cadrados da parcela 153 do polígono 502 da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Loureda para a instalación de equipos de telefonía móbil que dan cobertura a parte do concello.

Nese acordo, aparte de prorrogar o tempo, incrementábase o aluguer establecendo un importe de 1.800 €/ano + IVE.

Logo de comunicar dito acordo, a empresa xestora ponse en contacto co concello para aclarar o inicio desta prórroga, posto que o convenio estaba asinado con data 18 de maio de 2011 e a súa duración era por cinco anos. Non obstante, na cláusula Terceira do dito convenio, establecíase que o contrato entraría en vigor desde o comezo das obras de instalación. A propia empresa envía a notificación da concesión da licenza de actividade onde se constata que o certificado final das obras ten lugar en setembro de 2012 concedéndolle a licenza de actividade en marzo de 2013.

Polo tanto, entendemos que o inicio da prórroga do convenio sería o mes de setembro de 2017, finalizando o mes de setembro do ano 2022.

Coa finalidade de corrixir a entrada en vigor do convenio para os efectos, tanto da empresa como do propio concello, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Modificar o inicio do cómputo da prorroga do convenio asinado coa empresa Telefónica Móbiles España,SA desde o 1 de setembro de 2017 ata o 1 de setembro do ano 2022.

2. Manter o importe do aluguer a aboar por telefonía móbil que se establece en 1.800 euros/ano + IVE.

3. Comunicar este acordo á empresa e no caso de ser aceptado este acordo será ratificado polo Pleno da corporación.

En Boqueixón, xoves 14 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 128/2017 - Fecha de decreto: 14/09/2017
Versión imprimible
CVD: pJ4wg/cRObsE+At5sA7n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000137

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DO CONTRATO DE SAD

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000137

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2017, iniciouse o procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar cuxos pregos son os aprobados na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro e modificados na Xunta de Goberno do día 16 de marzo.

O ser un procedemento con regulación harmonizada, publícanse anuncios no DOUE, BOE e BOP.

O día 17 de maio sae publicado o anuncio da licitación no DOUE, o día 3 de xuño no BOE e o día 26 de maio no BOP.

No prazo establecido para a presentación de ofertas, que remataba o día 26 de xuño, presentáronse as seguintes ofertas:

1. Pedroso y Rojas, SL

2. Servital Servicios Sociosanitarios, SL

3. Servizos Sociais Ulla Sar, SL

4. UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL – Optima Facility Services, SL

5. Son A Tua Axuda, SL

6. Atendo Calidade, SL

7. OHL Servicios Ingesan, SA

8. Tu Mayor Amigo, SL

| EMPRESAS | PROXECTO TÉCNICO | MELLORAS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 29,4 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 24,35 | 18 | 42,35 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 31,5 |
| UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL Óptima Facility Services,SL | 16,3 | 7,4 | 23,7 |
| Son a túa axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 25,05 |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 44,75 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 18,3 | 7,5 | 25,8 |
| Tu Mayor Amigo, SL | 17,45 | 6,75 | 24,2 |

Segundo consta na acta da mesa de contratación do día 14 de xullo, a documentación presentada nos sobres A foi clasificada e dase por correcta e ábrense os sobres B de Referencias Técnicas que son entregados ó comité de expertas para que realicen o correspondente informe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1297/2017 - Fecha de decreto: 19/09/2017
Versión imprimible
CVD: vTmxCPfistYdrsx53rxo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000137

Con data 21 de agosto é asinado o informe polo comité de expertas, no que constan as seguintes puntuacións:

O día 6 de setembro, reúnese a mesa de contratación para a apertura dos sobres C de ofertas económicas, obtendo os seguintes resultados:

Prezos ofertados

| | Libre concorrencia | | Dependencia | |
|---|---|---|---|---|
| | Prezo € ( sen IVE) | | Prezo € ( sen IVE) | |
| **EMPRESAS** | Ordinario | Extraordinario | Ordinario | Extraordinario |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 12,74 | 13,47 | 12,74 | 13,47 |
| Atendo Calidade,SL | 12,50 | 3,00 | 13,30 | 13,50 |
| Tu mayor amigo, SL | 13,48 | 14,28 | 13,48 | 14,28 |
| Son a Tua Axuda, SL | 12,30 | 12,80 | 12,30 | 12,80 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 13,23 | 13,99 | 13,23 | 13,99 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 12,58 | 13,58 | 12,58 | 13,58 |
| Pedroso y Rojas, SL | 12,30 | 13,80 | 12,30 | 13,80 |
| Mayores - Optima | 12,99 | 13,48 | 12,99 | 13,48 |

Oferta de horas anuais que as empresas ofertan para a cobertura de situacións de emerxencia ou reforzo temporal do servizo.

Tódalas empresas coinciden e ofertan un total de 120 horas anuais.

Horas anuais de prestacións específicas complementarias:

| Empresas | Servizos | Total |
|---|---|---|

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 12?/2017 - Fecha de decreto: 19/09/2017
Versión imprimible
CVD: vTmxCPfistYdrsx53rxo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000137

| | Fisioterapia | Podoloxía | T. ocupacional | At. Psicolóx. | Perruquería | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Horas anuais | | | | | |
| Servital Servicios S.SL | 25 | 25 | | 5 | 25 | 80 |
| Atendo Calidade | 20 | | | 60 | | 80 |
| OhL Servicios Ingesan, SA | 1 | 1 | 1 | 1 | 76 | 80 |
| Son a Tua Axuda, SL | 10 | 10 | 10 | 10 | 40 | 80 |
| Mayores- Optima | 10 | 15 | 10 | 5 | 40 | 80 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 16 | 16 | 16 | | 16 | 64 |
| Tu Mayor Amigo,SL | | | | | 80 | 80 |
| Pedroso y Rojas, SL | 80 | | | | | 80 |

A mesa de contratación á vista dos datos presentados e despois de facer a correspondente baremación presenta o seguinte cadro coas valoracións totais e fai a súa proposta ó órgano de contratación:

| | Criterios xuizo de valor | | Criterios forma automática | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Empresas | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Horas emerxencia | Prestacións | TOTAL |
| Servizos Soc. Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 13,95 | 12 | 6,4 | 63,85 |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 18,74 | 12 | 8 | 83,49 |
| Son a tua axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 23,46 | 12 | 8 | 68,51 |
| OHL Servicios Ingesan,SL | 18,3 | 7,5 | 4,69 | 12 | 8 | 50,49 |
| Servital S. Soc. SL | 24,35 | 18 | 15,35 | 12 | 8 | 77,7 |
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 17,62 | 12 | 8 | 67,02 |
| Mayores - Optima | 16,3 | 7,4 | 10,72 | 12 | 8 | 54,42 |

1. Excluír do proceso de contratación á empresa Tu Mayor Amigo,SL por presentar unha oferta económica no prezo extraordinario, que supera o prezo de licitación.

2. Propoñer a adxudicación do contrato á empresa Atendo Calidade, SL por ser a oferta máis vantaxosa segundo os datos obtidos na valoración.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1 Avocar o coñecemento deste asunto, segundo se contempla no art. 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razón de tipo técnico ó ter que adxudicar o máis axiña posible o contrato.

1 Clasificar por orde decrecente as valoracións achegadas pola mesa de contratación:

| Criterios xuizo de valor | Criterios forma automática | TOTAL |
|---|---|---|

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 129/2017 - Data de decreto: 19/09/2017
Versión imprimible
CVD: vTmxCPfistYdrsx53rxo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000137

| Empresas | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Horas emerxencia | Prestacións | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 18,74 | 12 | 8 | 83,49 |
| Servital S. Soc. SL | 24,35 | 18 | 15,35 | 12 | 8 | 77,7 |
| Son a tua axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 23,46 | 12 | 8 | 68,51 |
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 17,62 | 12 | 8 | 67,02 |
| Servizos Soc. Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 13,95 | 12 | 6,4 | 63,85 |
| Mayores - Optima | 16,3 | 7,4 | 10,72 | 12 | 8 | 54,42 |
| OHL Servicios Ingesan,SL | 18,3 | 7,5 | 4,69 | 12 | 8 | 50,49 |

2 Excluír do proceso de contratación á empresa Tu Mayor Amigo,SL por presentar unha oferta económica no prezo extraordinario, que supera o prezo de licitación.

3 Comunicar á empresa con maior puntuación, que no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partires do que reciban o requirimento, presenten a documentación de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Tamén acreditará que dispón dos medios que tivese comprometido adscribir á execución do contrato e constituír a correspondente garantía definitiva.

4 O contrato adxudicarase no prazo máximo de 5 días hábiles desde que se reciba a documentación da empresa adxudicataria.

En Boqueixón, luns 18 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1297/2017 - Fecha de decreto: 19/09/2017
Versión imprimible
CVD: vTmxCPfistYdrsx53rxo
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Clasificación das ofertas presentadas na licitación do contrato de SAD

Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2017, iniciouse o procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar cuxos pregos son os aprobados na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro e modificados na Xunta de Goberno do día 16 de marzo.
O ser un procedemento con regulación harmonizada, publícanse anuncios no DOUE, BOE e BOP.
O día 17 de maio sae publicado o anuncio da licitación no DOUE, o día 3 de xuño no BOE e o día 26 de maio no BOP.

No prazo establecido para a presentación de ofertas, que remataba o día 26 de xuño, presentáronse as seguintes ofertas:

1. Pedroso y Rojas, SL
2. Servital Servicios Sociosanitarios, SL
3. Servizos Sociais Ulla Sar, SL
4. UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL – Optima Facility Services, SL
5. Son A Tua Axuda, SL
6. Atendo Calidade, SL
7. OHL Servicios Ingesan, SA
8. Tu Mayor Amigo, SL

Segundo consta na acta da mesa de contratación do día 14 de xullo, a documentación presentada nos sobres A foi clasificada e dase por correcta e ábrense os sobres B de Referencias Técnicas que son entregados ó comité de expertas para que realicen o correspondente informe.

Con data 21 de agosto é asinado o informe polo comité de expertas, no que constan as seguintes puntuacións:

| EMPRESAS | PROXECTO TÉCNICO | MELLORAS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 29,4 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 24,35 | 18 | 42,35 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 31,5 |
| UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL Òptima Facility Services,SL | 16,3 | 7,4 | 23,7 |
| Son a túa axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 25,05 |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 44,75 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 18,3 | 7,5 | 25,8 |
| Tu Mayor Amigo, SL | 17,45 | 6,75 | 24,2 |

O día 6 de setembro, reúnese a mesa de contratación para a apertura dos sobres C de ofertas económicas, obtendo os seguintes resultados:

ersión imprimible
VD: I4x6VrTrkTpQqt71nemE
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Prezos ofertados

| | Libre concorrencia | | Dependencia | |
|---|---|---|---|---|
| | Prezo € ( sen IVE) | | Prezo € ( sen IVE) | |
| **EMPRESAS** | Ordinario | Extraordinario | Ordinario | Extraordinario |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 12,74 | 13,47 | 12,74 | 13,47 |
| Atendo Calidade,SL | 12,50 | 3,00 | 13,30 | 13,50 |
| Tu mayor amigo, SL | 13,48 | 14,28 | 13,48 | 14,28 |
| Son a Tua Axuda, SL | 12,30 | 12,80 | 12,30 | 12,80 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 13,23 | 13,99 | 13,23 | 13,99 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 12,58 | 13,58 | 12,58 | 13,58 |
| Pedroso y Rojas, SL | 12,30 | 13,80 | 12,30 | 13,80 |
| Mayores - Optima | 12,99 | 13,48 | 12,99 | 13,48 |

Oferta de horas anuais que as empresas ofertan para a cobertura de situacións de emerxencia ou reforzo temporal do servizo,

Tódalas empresas coinciden e ofertan un total de 120 horas anuais.

Horas anuais de prestacións específicas complementarias:

| Empresas | Servizos | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fisioterapia | Podoloxía | T. ocupacional | At. Psicolóx. | Perruquería | |
| | Horas anuais | | | | | |
| Servital Servicios S.SL | 25 | 25 | | 5 | 25 | 80 |
| Atendo Calidade | 20 | | | 60 | | 80 |
| OhL Servicios Ingesan, SA | 1 | 1 | 1 | 1 | 76 | 80 |
| Son a Tua Axuda, SL | 10 | 10 | 10 | 10 | 40 | 80 |
| Mayores- Optima | 10 | 15 | 10 | 5 | 40 | 80 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 16 | 16 | 16 | | 16 | 64 |
| Tu Mayor Amigo,SL | | | | | 80 | 80 |
| Pedroso y Rojas, SL | 80 | | | | | 80 |

A mesa de contratación á vista dos datos presentados e despois de facer a correspondente baremación presenta o seguinte cadro coas valoracións totais e fai a súa proposta ó órgano de contratación:

| | Criterios xuizo de valor | | Criterios forma automática | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Empresas | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Horas emerxencia | Prestacións |
| Servizos Soc. Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 13,95 | 12 | 6,4 |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 18,74 | 12 | 8 |
| Son a tua axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 23,46 | 12 | 8 |
| OHL Servicios Ingesan,SL | 18,3 | 7,5 | 4,69 | 12 | 8 |
| Servital S. Soc. SL | 24,35 | 18 | 15,35 | 12 | 8 |
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 17,62 | 12 | 8 |
| Mayores - Optima | 16,3 | 7,4 | 10,72 | 12 | 8 |

Versión imprimible
CVD: I4x6VrTrkTpQqt71nemE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Excluír do proceso de contratación á empresa Tu Mayor Amigo,SL por presentar unha oferta económica no prezo extraordinario, que supera o prezo de licitación.

2. Propoñer a adxudicación do contrato á empresa Atendo Calidade, SL por ser a oferta máis vantaxosa segundo os datos obtidos na valoración.

Coa finalidade de adxudicar o contrato, Resolvo:

1 Avocar o coñecemento deste asunto, segundo se contempla no art. 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razón de tipo técnico ó ter que adxudicar o máis axiña posible o contrato.

1 Clasificar por orde decrecente as valoracións achegadas pola mesa de contratación:

| | Criterios xuizo de valor | | Criterios forma automática | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Empresas | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Horas emerxencia | Prestacións | TOT |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 18,74 | 12 | 8 | 83, |
| Servital S. Soc. SL | 24,35 | 18 | 15,35 | 12 | 8 | 77, |
| Son a tua axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 23,46 | 12 | 8 | 68, |
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 17,62 | 12 | 8 | 67, |
| Servizos Soc. Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 13,95 | 12 | 6,4 | 63, |
| Mayores - Optima | 16,3 | 7,4 | 10,72 | 12 | 8 | 54, |
| OHL Servicios Ingesan,SL | 18,3 | 7,5 | 4,69 | 12 | 8 | 50, |

2 Excluír do proceso de contratación á empresa Tu Mayor Amigo,SL por presentar unha oferta económica no prezo extraordinario, que supera o prezo de licitación.

3 Comunicar á empresa con maior puntuación, que no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partires do que reciban o requirimento, presenten a documentación de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Tamén acreditará que dispón dos medios que tivese comprometido adscribir á execución do contrato e constituír a correspondente garantía definitiva.

4 O contrato adxudicarase no prazo máximo de 5 días hábiles desde que se reciba a documentación da empresa adxudicataria.

Boqueixón, 18 de setembro de 2017
O alcalde
Manuel Fernández Munín

Versión imprimible
CVD: I4x6VrTrkTpQqt7lnemE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000138

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CORRECCIÓN ACORDO ADXUDICACIÓN CONTRATO INSPECCIÓNS ELÉCTRICAS

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000138

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno do día 7 de setembro acordouse adxudicar o contrato de inspeccións eléctricas municipais á empresa Eurocontrol, SA por importe de 10.147,00 euros ( IVE excluído) ó ser a oferta máis vantaxosa.

Unha vez notificados todos os licitadores, o servizo de contratación detecta, polo escrito enviado pola empresa I2C inspecciones, que cometera un erro na lectura da proposta enviada por esta empresa.

Tal e como consta nos antecedentes do acordo, a empresa ofertou un importe de 10.787,15 euros incluíndo o IVE, se ben o erro estaba na especificación do IVE ó indicar que este era do 16%, pero o importe total estaba calculado co IVE correcto.

Polo tanto, o importe da oferta sin IVE era de 8.915,00 euros.

A continuación transcríbense as ofertas de cada unha das empresas:

| Empresa | Oferta económica – sen IVE | Observacións |
|---|---|---|
| Eurocontrol,SA | 10.147,00 euros | A segunda visita inclúese no prezo, así como as taxas de industria |
| I2C inspecciones | 8.915,00 euros | A segunda visita inclúese no prezo |
| OCA ICP | 14.310,00 euros | A primeira visita custaría 9.540,00 euros e no caso da 2ª visita o importe a maiores sería 4.770,00 euros |
| Atisae | 10.450,00 euros | A segunda visita inclúese |

Tendo en conta este dato, a proposta máis vantaxosa é a da empresa I2C inspecciones e débese corrixir o acordo adoptado na Xunta de Goberno.

Por outra parte, ó consultar no organismo ENAC a acreditación da empresa i2C inspecciones, detéctase que ten unha suspensión temporal para a actividade de inspeccións eléctricas de alta e baixa tensión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 130/2017 - Fecha de decreto: 15/03/2017
ersión imprimible
VD: aHV6tzz4Kil1WYLIqwdq
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000138**

Segundo o RD 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, e o RD 337/2014, de 9 de maio que regula as instalacións de alta tensión, as revisións serán realizadas por organismos autorizados para o exercicio das actividades, e no caso desta empresa, que é a adxudicataria do contrato, dita autorización está en suspenso segundo o informe da ENAC, polo que non procede que se adxudiquen os traballos obxecto deste contrato.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Modificar o acordo da Xunta de Goberno do día 7 de setembro ó corresponder a adxudicación do contrato de inspeccións eléctricas municipais á empresa I2Cinspecciones por importe de 8.915,00 euros ( IVE excluído) e ser a oferta máis vantaxosa.

2 Comunicarlle á empresa I2C inspecciones que segundo consta na páxina do ENAC, non poden realizar os traballos propios deste contrato, ó estar en suspensión temporal para estas actividades desde o día 24 de xullo de 2017, tal e como consta no informe expedido pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC)

3 Ante esta circunstancia adxudicar o contrato á seguinte empresa que sería Eurocontrol, SA por importe de 10.147,00 euros

4 Comunicar esta resolución ás empresas licitadoras para que aleguen o que estimen oportuno.

En Boqueixón, martes 19 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

ecreto Nº: 130/2017 - Fecha de decreto: 19/09/2017
ersión imprimible

VD: aHV6tzz4Ki11WYLIqwdq
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000139**

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION FESTAS EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000139

**ANTECEDENTES:**

Con data 27 de xuño 2017, rexistro de entrada número 2017/2126, don José con DNI , con enderezo no lugar de Gándara, , parroquia de Sergude, en calidade de tesoureiro da Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de San Breixo en Sergude os días 6, 7 e 8 de outubro do 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1º Conceder a Asociación de festexos de San Bieito de Sergude, licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

**Día:** 06/10/2017

**Tipo de espectáculo:** Orquestra Paris de Noia e D´Moda

**Características do escenario:** París de Noia

Semirremolque de 13.65 mts de longo, 2.55 mts. de fondo e 4 mts. de alto

**Características do escenario:** D´Moda

Semirremolque de 13.57 mts de longo, 2.60 mts. de fondo e 4 mts. de alto

**Previsión de asistencia de público:** 2.000 persoas

**O horario será de:** sesión vermú con música a cargo de D´Moda de 13:00 ata as 16:00 horas e verbena pola noite de 21:00 ata as 4:00 horas, (pendente de ampliación de horario)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 1317/2017 - Fecha de decreto: 11/09/2017
Versión imprimible
CVD: 2hHRPQsE25QQxrxlpKzS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000139**

**Día:** 07/10/2017

**Tipo de espectáculo:** Phatom e Dúo Master

**Características do escenario:** Phatom

Camión caixa aberta de 6.98 mts de longo, 2.20 mts. de fondo e 3.25 mts. de alto

**Características do escenario:** Dúo Master

Camión caixa aberta de 7.75 mts de longo, 2.20 mts. de fondo e 3.20 mts. de alto

**Previsión de asistencia de público:** 1.500 persoas

**O horario será de:** sesión vermú con música de 13:00 ata as 16:00 horas e verbena pola noite de 21:00 ata as 4:00 horas

**Día:** 08/10/2017

**Tipo de espectáculo:** Phatom

**Características do escenario:** Phatom

Camión caixa aberta de 6.98 mts de longo, 2.20 mts. de fondo e 3.25 mts. de alto

**Previsión de asistencia de público:** 1.000 persoas

**O horario será de:** sesión vermú con música a cargo de Phatom de 13:00 ata as 16:00 horas

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, mércores 20 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 1317/2017 - Fecha de decreto: 21/09/2017
ersión imprimible
VD: 2hHRPQsE25QQxrxlpKZS
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000140

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** AUTORIZACION TIRADA FOGOS EN SERGUDE

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000140

**ANTECEDENTES:**

O día 21 de setembro con rexistro de entrada núm. 17/2131 don Juan Manuel , pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Sergude os días 6, 7 e 8 de setembro 2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012).
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningúen poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

En Boqueixón, xoves 21 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 132/2017 - Fecha de decreto: 21/09/2017
Firma imprimible
CVD: OFJRo1gTeOIXfbVX0C0V
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000141**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CLASIFICACIÓN OFERTAS COLECTORES CAMPORRAPADO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000141

**ANTECEDENTES:**

Con data 31 de agosto de 2017, iniciase a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia da obra denominada Rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado por importe de 98.198,40 euros.

Solicítanse ofertas ás empresas, Martínez Montes e Hijos,SL, Construcciones Boqueixón, SL e Espina y Delfin,SL. Tamén se publica anuncio da licitación no perfil do contratista da páxina web municipal.

No prazo establecido para o efecto recíbense as seguintes comunicacións:

A empresa Espina y Delfin, SL presenta un escrito onde declinan a invitación de participar na licitación das obras, debido ós compromisos adquiridos.

Contrucciones Boqueixón, SL e Martínez Montes e Hijos, SL, presentan as súas propostas o día 12 de setembro.

Tamén presenta oferta a empresa José Varela Iglesias, SL que, tendo en conta o contido no informe 33/2009 de 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación, si por parte dos licitadores non invitados se presentaran, cando o procedemento aínda o permite, ofertas o órgano de contratación debe aceptalas.

Comprobada a documentación dos sobres A o técnico valora a documentación dos sobres B de referencias técnicas.

Polo tanto procédese coa apertura das ofertas económicas e debido a que, segundo se especifican nos pregos, non é factible a divulgación da identidade das persoas licitadoras, senón que é necesario outorgar un código alfanumérico a cada unha das empresas, a continuación transcríbense as puntuacións finais que o órgano de licitación debe ter en conta para a posterior negociación:

| Contratista | Program a Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| 75R3 | 7 | 4 | 6 | 10 | 1 | 9 | 0 | 0.13 | 37.13 |
| N4YZ | 7 | 5 | 6 | 10 | 0.45 | 9 | 0 | 40 | 77.45 |
| RE7B | 7 | 4 | 6 | 7 | 0.20 | 9.00 | 0 | 0.40 | 33.60 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº 133/2017 - Fecha de decreto: 22/09/2017
ersión imprimible
VD: /ew2Zq1BXW1fk5cePIvi
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000141

Urxe contratar o máis axiña esta obra, debido ó curto prazo para a súa execución e xustificación ante a Xunta de Galicia, polo que no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Comunicar esta resolución ó órgano de negociación para que poidan iniciar o proceso correspondente

En Boqueixón, venres 22 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº 133/2017 - Fecha de decreto: 22/09/2017
ersión imprimible
VD: /ew2Zq1BXW1fk5cePIvi
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000142

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DECRETO PAGAMENTO GALEUROPA

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000142

**ANTECEDENTES:**

No DOG do 15 de maio de 2017, saíu publicada a Orde do 2 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil GALEUROPA dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.

A solicitude foi formalizala entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces, exercendo como representante a tódolos efectos o Concello de Boqueixón (previo convenio), presentando dita subvención con data 15 de xuño de 2017.

Con data 14 de xullo de 2017 a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado publica a resolución de GALEUROPA, procedemento BS324C nº de expediente 2017/C/001 aprobando ao Concello de Boqueixón (agrupación Val do Ulla- Concello de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces) por un importe de 123.075,96€

Con data 21 de xullo envíase a aceptación da axuda concedida por resolución da Consellería de Política Social e solicítase o pagamento anticipado do gasto.

Con data 22 de agosto recíbese a notificación da colocación dos 7 participantes por parte da entidade de acollida e solicitando o ingreso correspondente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Modificar o decreto de data 29 de agosto no relativo á participante Carlota Rey Casal que causará baixa con data 6 de outubro por motivos de contrato laboral

2. Facerlle o pagamento correspondente ó mes de outubro por importe de 329,82 euros e dar por finalizada a súa participación no programa.

En Boqueixón, martes 26 de setembro de 2017

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 134/2017 - Fecha de decreto: 26/09/2017
Versión imprimible
CVD: 4kf7VJ34tCJ+uD7aLBSy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000142**

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 134/2017 - Fecha de decreto: 26/05/2017
ersión imprimible
VD: 4kf7VJ34tCJ+uD7aLBSy
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000143

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN BIBLIOTECA MUNICIPAL 2017

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000143

**ANTECEDENTES:**

No DOG de 9 de xaneiro de 2017 saíu publicada a orde do 22 de decembro 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Por acordo da Xunta de Goberno de 19 de xaneiro de 2017 solicítase unha axuda por importe de 1.500,00 euros (a contía indicativa inicial estipulada no artigo 7 da citada orde para concellos de entre 2.001 e 5.000 habitantes) para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal.

Con data 30 de marzo 2017 (DOG núm. 63) publícase a resolución do 20 de marzo de 2017 da Secretaría Xeral de Cultura concedendo á biblioteca municipal unha axuda de 2.206,81 €. Según establece a referida convocatoria deberase xustificar o orzamento total antes do 30 de setembro de 2017, e tendo en conta que a vindeira Xunta de Goberno non será ata o 5 de outubro, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno .

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

2. Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por importe de 2.206, 81 € euros para a biblioteca municipal de Boqueixón:

2.1.- Que o orzamento total da subvención foi destinado a adquisición dos materiais que se detallan a continuación:

| Nome do provedor | Nº Factura | Libros / nº de exemplares | Importe da factura con IVE | Data emisión | Data pagamento |
|---|---|---|---|---|---|
| MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.) CIF. B- | **A08007174** | -Rapazas /1<br>-El medallón oerdido/1<br>-Journey to the centre of the earth/1<br>-Cantos de sol a sol/1<br>-Ordena tu vida/1 | **188,95 €** | 10/04/2017 | 12/05/2017 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 135/2017 - Fecha de decreto: 27/09/2017
Versión imprimible
CVD: iq41WQ5bEFZGWgd/YZZg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000143**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 15974801 | | -La máquina de escribir/1<br>- Aquel neno/1<br>-Resistencia/1<br>-Will Grayson, Will Grayson/1<br>-Después de ti/1<br>-El ascenso de nueve/1<br>-La cura mortal/1<br>-Silencio/1 | | | |

| Nome do provedor | Nº Factura | Libros / nº de exemplares | Importe da factura con IVE | Data emisión | Data pagamento |
|---|---|---|---|---|---|
| MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.)<br>CIF. B-15974801 | **A08007306** | -Escrito en el agua/1<br>-Campos de Castilla/1<br>-Todo eso te daré/1<br>-El laberinto de los espíritus/1<br>-Harry Potter y el legado maldito/1<br>-La espía/1<br>-Falcó/1<br>-Un abogado rebelde/1<br>-Zodiac/1<br>-El silencio de la ciudad blanca/1<br>-Perfil asesino/1<br>-Como fuego en el hielo/1<br>-Tres veces tú/1<br>-La canción de las sombras/1<br>-La carne/1<br>- La biblioteca de los libros rechazados/1<br>-El libro de los Baltimore/1<br>- Colección Los futbolísimos:<br>.El misterio de la lluvia de meteoritos/1<br>.El misterio del tesoro pirata/1<br>.El misterio del circo del fuego/1<br>.El misterio de los árbitros dormidos/1<br>.El misterio del robo imposible/1<br>.El misterio del ojo de halcón/1<br>.El misterio del portero fantasma/1<br>.El misterio del castillo embrujado/1<br>.El misterio del penalti ivisible/1<br>.El misterio de los siete goles/1<br>-El bosón de Higgs no te va a hacer la cama/1<br>-El enigma Turing/1<br>-La era de la Yihad/1<br>-La nueva piel del capitalismo/1<br>-Neurología de la maldad/1<br>-Los 100 estiramientos esenciales/1<br>-Sabores de siempre/1<br>-Si venimos del mono por qué somos tan cerdos/1<br>-Trump:ensayo sobre la imbecilidad/1<br>-Un amor de oriente/1<br>-Breve historia del mundo para jóvenes lectores/1<br>-Fuera de control/1<br>-Comentario de textos históricos/1<br>-Escuela de verduras/1<br>-Diccionario Pocket english/1<br>-Cuaderno del huerto/1<br>-Diccionario mini español-francés/1<br>-Gramática francesa/1<br>-La guía Michelín de España y | **1.093,26** | 19/07/2017 | 29/08/2017 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1357/2017 Fecha de decreto: 27/09/2017
Versión imprimible
CVD: iq41WQ5bEFZGWgd/YZZg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000143**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.)<br>CIF. B-15974801 | **AO8007344** | Portugal 2017/1<br>-Buenas mesas a menos de 35 euros/1<br>-A vueltas con la violencia/1<br>-Explicar el mundo/1<br>-Las puertas del Hades/1<br>-Media vida/1<br>-Ejercicios que te curan/1<br>-Aprendiendo matemáticas con los grandes maestros/1<br>-Un lugar a donde ir/1<br>-Stiltonix contra el monstruo Slump/1<br>-Será correcto: a guía de protocolo máis divertida/1<br>-Gran diccionario Xerais da Lingua/1<br>-A ciencia no punto de mira/1<br><br>-El siglo de la revolución/1<br>-Transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno/1<br>-Arte de las mandalas/1<br>-Judaísmo, cristianismo e islam/1<br>-Hablando de violencia/1<br>-Pensar en las TIC desde la ciencia cognitiva/1<br>-Comunicarse con un alzheimer próximo/1<br>-Infirmación y documentación administrativa/1<br>-Gramática inglesa/1<br>-Trece anos de branca/1<br>-A chave da Atlántida/1<br>-Talismán dos druídas/1<br>-Game over/1<br>-O veleno da risa/1<br>-Paisaxe con fondo gris/1<br>-Maldito DNI/1<br>-Recinto gris/1<br>-Unha estrela no vento/1<br>-A sombra cazadora/1<br>-Catro cascarolos/1<br>-O raposo e a mestra/1<br>-A neve interminable/1<br>-Os dous de sempre/1<br>-Pel de lobo/1<br>-A nosa cinza/1<br>-Cómplices/1<br>-Os outros feirantes/1<br>-Aire negro/1<br>-Diario vermello de Carlota/1<br>-Ollos de auga/1<br>-Merlín e familia/1<br>-A esmorga/1<br>-As cousas claras/1<br>-Lume de santo Antón/1<br>-A punta de pistola/1<br>-A praia dos afogados/1<br>-Loenel/1<br>-Los ritos del agua/1<br>-El libro tibetano de la vida y de la muerte/1<br>-Gerónimo Stilton, agente secreto cero ka/1 | **924,59** | 15/09/2017 | 26/09/2017 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº.: 135/2017 - Fecha de decreto: 27/09/2017
ersion imprimible
VD: iq41WQ5bEFZGWgd/YZZg
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000143

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | -Gerónimo Stilton, el misterio de la perla gigante/1<br>- Gerónimo Stilton,el misterio del violín desaparecido/1<br>- Gerónimo Stilton, un ratón en África/1<br>- Gerónimo Stilton, operación panettone/1<br>- Gerónimo Stilton, a todo gas Gerónimo/1<br>-Gerónimo Stilton, el maratón más loco/1<br>-Tea Stilton, el secreto de las hadas de las nubes/1<br>-Tea Stilton, misión mar limpio/1<br>- Tea Stilton, misterio en Hollywood/1<br>- Tea Stilton, acampada en Madagascar/1<br>-El Big Bang y el origen/1<br>-Las cosas perdidas/1<br>-Caperucita en Manhattan/1<br>-El Quijote adaptado/1<br>-Noite de voraces sombras/2<br>-Morning Star/2<br>-Moonkid e Liberty/2<br>-Los pueblos de la Galicia céltica/1<br>-El mundo de Sofía/2<br>-La chica del tren/1 | | | |

2.2.- Que a relación de material adquirido e o que figura nas facturas anteriormente sinaladas.

2.3.- Que a relación de material bibliográfico adquirido forma parte dos fondos da colección da biblioteca municipal, sendo a porcentaxe total destinada a fondos en lingua galega 30,28 % (IVE incluído).

3.- Que o concello está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autonómica.

4.- Que o concello non ten axudas solicitadas nin recibidas para o mesmo obxecto desta subvención.

5.- Comunicar este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En Boqueixón, mércores 27 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº 135/2017 - Fecha de decreto: 27/09/2017
ersión imprimible
VD: iq41WQ5bEFZGWgd/YZZg
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000144**

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO BOQUEIXÓN VEDRA 2017

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000144

**ANTECEDENTES:**

Una vez rematado o proceso selectivo realizado polo Grupo de Traballo Mixto, constituido por A. Cristina Reguera Ramos, técnico do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, en calidade de presidenta, Miguel Monelos Pan, técnico do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, en calidade de vogal, Mª Victoria Negrín Blanco, técnica de formación ocupacional do concello de Boqueixón, en calidade de secretaria, Mª de la Cruz Vilas Giadanes, técnica local de emprego do concello de Vedra, en calidade de vogal, para a provisión de 10 prazas de alumnos/as-traballadores/as na especialidade de Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construcción e de 10 prazas de alumnos traballadores na especialidade de Traballos de carpintería e moble, así como para a provisión dos postos de directora, mestre da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construcción, mestre especialidade de Traballos de carpintería e moble, titora, mestra de xestión empresarial, auxiliar administrativo do Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra 2017. Con data do 21 de setembro de 2017, o titular da praza de mestre da especialidade Traballos de carpintería e moble, presentou renuncia do posto e con data do 25 de setembro de 2017 o titular da praza de mestre da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construcción presentou renuncia do posto, polo que procédese a contratar ó primeiro suplente da lista definitiva publicada de cada unha das citadas prazas nas que foi comunicada a renuncia ó posto,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1 Nomear como titulares para a contratación:

**a) Persoal directivo, docente e de apoio:**

- Directora de Obradoiro de Emprego. Xornada laboral Completa: María Carmen González Lestón. DNI.
- Mestre da especialidade *Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construcción.* Xornada laboral completa: Juan Carlos Pérez Fernández. DNI.
- Mestre especialidade de *Traballos de carpintería e moble.* Xornada laboral completa: Jesús Gamás Villanueva. DNI. '
- Titora. Media xornada: María Teresa Gondar Bermín DNI.
- Mestra de xestión empresarial. Media xornada. Ana Serramito Vázquez.
- Auxiliar administrativo. Media xornada. José Antonio Girón Soutullo. DNI.

**b) Alumnos/as-traballadores/as por especialidade:**

| DNI | NOME | ESPECIALIDADE |
|---|---|---|
| | LUEIRO BALADO NEREA | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | RODRIGUEZ SUÁREZ YOLANDA | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | MILLÁN LIÑARES CARLOS | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | CEREIJO CANEDA CESÁREO | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | JUNQUERA GARCÍA JOSÉ ROBERTA | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | CANNIZO DEBORAH RACHEL | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 136/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: 1t/WWxV1QzTzgML7M90y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000144

| | | |
|---|---|---|
| | CARBIA RAMOS MILAGROS | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | JIMENEZ MEDINA ISRAEL ADONAI | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | INGELMO RODRÍGUEZ CRISTIAN | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | NEIRA MACEIRA FERNANDO | TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE |
| | FUENTENEBRO DAZA OLAIA | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | NÚÑEZ BARRAL SEBASTIÁN | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | MELLA BUGALLO JOSÉ | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | LODEIRO GUZMÁN ISMAEL | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | IGLESIAS CARBIA ISABEL | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | CASTIÑEIRAS LOBATO MARIA TERESA | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | MANTEIGA IGLESIAS JOSE ANTONIO | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | BARRIO BARRAL DENIS | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | VALDÉS UZAL IVÁN | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCION |
| | COLLAZO GARCÍA DIEGO | OPERACIÓNS AUX. REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN |

2 A contratación terá unha duración de 9 meses con efectos dende o 29 de setembro de 2017.

3 Que a subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ascende a 279.959 euros, dos cales 96.480 euros, están destinados para cubrir os gastos de salarios e seguridade social da directora, persoal docente e de apoio.

4 Que a subvención concedida para gastos de salarios e seguridade social do alumnos/as-traballadores/as participantes é de 156.983 euros. Percibirán o salario mínimo interprofesional (SMI): 707,70 euros/mes (SMI con prorrateo e pagas extras correspondentes 825,65 euros) e os custos de seguridade social para o contrato de formación é 41,83 euros.

5 Que a modalidade contractual para a directora, e 2 mestres de especialidade é de contrato temporal por obra ou servizo a tempo completo, a titora, a mestra de xestión empresarial e o auxiliar administrativo terán un contrato temporal de obra ou servizo a media xornada.

6 Que a modalidade contractual para os alumnos/as-traballores/as é Código 421-Formación, e será a xornada completa.

En Boqueixón, mércores 27 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 1367/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
ersión imprimible
VD: 1t/WWxV1QzTzgML7M90y
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000145**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** BASES CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN TECNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000145

**ANTECEDENTES:**

Con data do 25 de setembro de 2017 foi notificada a resolución ó Concello de Boqueixón da concesión de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral, presentada ó abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017, núm. expediente TR331A/2017-0038.

O importe da subvención ascende a 25.000 euros para a contratación dun persoa técnica, para un período de 12 meses establecéndose como data límite de inicio o día 15 de outubro de 2017.

A subvención foi concedida ó concello de Boqueixón que representa a Agrupación do Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra, para a realización do programa solicitado para o cal ditas entidades asinaron un convenio.

Consecuentemente, é imprescindible, realizar a convocatoria á maior brevidade e urxencia para contratar con cargo á subvención 1 persoa técnica para a realización de accións de orientación laboral,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**1º APROBAR AS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO (1) DE TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL (Agrupación de Concellos de Boqueixón, Touro, Vedra)**

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A provisión dun (1) posto de técnico/a de orientación laboral no ámbito de desenvolvemento de actividades de orientación laboral que promoven os concellos de Boqueixón, Touro e Vedra, sendo o concello de Boqueixón a entidade promotora en réxime de contratación laboral temporal, consonte á subvención concedida ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (DOG núm. 58 do 23 de marzo de 2017).

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A duración do contrato que se realiza con cargo á subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria será dun ano dende a súa formalización, cuxo prazo máximo de inicio que será o 15.10.2017. Con posibilidade de realización de prórrogas mentres se manteña as condicións da subvención e do financiamento.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal "contrato para obra ou servizo determinado" previsto no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 137/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
ersión imprimible
VD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



Galicia, de tal xeito que o contrato declararase extinguido no suposto de que o Concello de Boqueixón deixe de prestar este servizo por calquera motivo incluída a falta de financiamento externo do mesmo, antes da data de remate que se fixe.
O importe da subvención destinada para cubrir o coste do salario e da seguridade social do/a traballador/a é de 25.000 euros para un período de 12 meses. A xornada laboral será a tempo completo consonte á establecida pola normativa vixente aplicable no momento de formalización do contrato.
As funcións do posto serán as recollidas no artigo 3 da orde de 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública ara a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.

3ª.- REQUISITOS
Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:
a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
c) Estar en posesión do título de licenciatura universitaria en Pedagoxía ou grao equivalente, ou título de grao en Relacións Laborais e recursos humanos. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación. Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación (acreditar con orixinal ou copia cotexada do título)
d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B. (acreditar con documento orixinal ou copia cotexada)
g) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como desempregado/a e estar inscrito na ocupación de Orientador/a profesional para a inserción 26241023.
h) Requisitos de puntuación: Tal e como indica o artigo 11 é un requisito imprescindible que o candidato/a que se vaia a contratar acade unha puntación mínima total no curriculo de 3,5 puntos para o que se atenderá ó baremo establecido no citado artigo. Polo que non se contratará ningún candidatos que non acaden esta puntuación mínima no seu curriculo.

4ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTA E DATAS REALIZACIÓN DAS PROBAS
Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requerindo candidatos/as na ocupación de Orientador/a profesional para a inserción 26241023, coa titulación de licenciatura universitaria en Pedagoxía ou grao equivalente, ou título de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, e permiso de conducir B.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberén presentarse, na data e hora que a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 137/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar á praza.

Estas bases serán públicadas na páxina Web do concello de Boqueixón.

5ª.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un presidente, 3 vogais e un secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requerirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles sustitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión seleccionadora. Para os efectos de percepción de asistencias, o tribunal terá a categoría 2ª das sinaladas no real decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015 de 1 de outubro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

6ª.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

Por resolución da Alcaldía publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da comisión seleccionadora e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único por orde alfabético, quedando excluídas as que non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 137/2017 - Fecha de decreto: 29/03/2017
ersión imprimible
VD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



comparezan.
A comisión seleccionadora, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato das persoas aspirantes na realización e corrección do exercicio escrito.
O procedemento de selección constará de dúas fases:

1º Fase de realización de proba escrita
2º Fase de avaliación do currículo.

**1º Fase de realización de proba escrita**

Constará dun só exercicio, obrigatorio e eliminatorio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 44 preguntas catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, baseadas no temario do anexo I. A cualificación será de 0 a 22 puntos, sendo eliminados aquelas persoas aspirantes que non acaden 11 puntos.
A proba é obrigatoria e eliminatoria.

**2º Fase de avaliación do currículo**

Ten carácter obrigatoria e eliminatoria. A comisión seleccionadora, reunirase para os efectos de valorar os méritos alegados debidamente acreditados e ordenados das persoas aspirantes, segundo o disposto no artigo 11 da Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases para a concesión de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017.
Será requisito imprescindible estar en posesión da licenciatura universitaria en Pedagoxía ou grao equivalente, ou título de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, así como acadar unha puntuación mínima total en currículo de 3,5 puntos.

A puntuación máxima total da fase de concurso establécese en trece con cincuenta puntos (13,50) e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte cos límites que se sinalan para cada un deles.

Decreto Nº: 1377/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000145

| **Formación específica (máximo 3 puntos)** | Puntuación |
|---|---|
| Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado. | 0,15 puntos por cada 30 horas formativas |
| **Experiencia profesional (máximo 4.75 puntos)**<br>A experiencia profesional deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo en que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos: copia alta IAE (e actualización) e copia de facturas en que consten os servizos prestados.<br>Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, se é o caso, copia das condicións da convocatoria. | Puntuación |
| Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc. | 0,4 puntos por cada mes |
| Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe). | 0,1 puntos por cada mes |
| **Ámbito das TIC (máximo 2 puntos)**<br>Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.<br>A experiencia deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo en que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfiles en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (*blogs, wikis*...). No caso de traballadores autónomos: copia alta IAE actualizada e copia de facturas en que conste a prestación destes servizos. Cando o órgano xestor o considere necesario, poderá solicitar adicionalmente a presentación dos enlaces que permitan o acceso ás publicacións realizadas ou outro tipo de acreditación da experiencia alegada. | |
| **Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe)** | Puntuación |
| Pola titulación universitaria en enxeñaría Informática, Tecnoloxías da Información ou Telecomunicacións. | 1 punto |
| Pola titulación oficial de persoa técnica/técnica superior relacionada coa familia informática e comunicacións. | 0,5 puntos |
| Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (*blogs, wikis*...) (máximo 0,6 punto nesta epígrafe). | 0,2 puntos por cada curso |
| **Experiencia (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe)** | |
| Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfiles en redes sociais relacionados coa información, orientación e busca de emprego. | 0,25 puntos por cada seis meses con actividade acreditable |

| **Outros méritos (máximo 0,25 puntos)** | Puntuación |
|---|---|
| Celga 4 ou equivalente debidamente homologado. | 0,25 puntos |
| **Discapacidade (máximo 1 punto)** | Puntuación |
| Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente. | 1 punto |

**- Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación da documentación. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1377/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



**- Aqueles aspirantes que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo que se xunta, para que o concello lle expida a correspondente certificación.**

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.

A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no exercicio da fase de realización de proba e a puntuación obtida na fase de valoración do currículo. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da persoa que acadara maior puntuación na fase de realización de proba escrita e de persistir o empate empregaranse como criterios de desempate, por orde correlativa, a puntuación do apartado 3º do baremo de méritos, 1º, 2º e 4º do dito baremo recollido na base 8ª, e de persistir, atenderase ó maior tempo en situación de desemprego que se acreditará polo medio que estableza a comisión seleccionadora.

7ª.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

A comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de Edictos do Concello de Boqueixón, establecerá un prazo de alegacións, e elevará á Alcaldía proposta da persoa candidata para a formalización do contrato, a favor do/a aspirante posuidor/a da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión. Antes de formalizar contrato coa persoa que corresponda pola orde de prelación remitirase unha proposta de preselección á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, achegando o seu currículo, aos efectos de que aquela proceda a examinalo e valoralo segundo o baremo regulado na súa convocatoria de concesión de subvencións e obter o seu visto e prace. Sen este requisito non se poderá formalizar o contrato.

8ª.- LISTAXE DE RESERVA.

Na acta da última sesión, incluirase unha listaxe das persoas aspirantes que superen a puntuación mínima esixida e que superasen a proba escrita, en orde descendente de puntuación. As persoas que formen parte da mesma, poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe) para cubrir procesos de incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período da presente contratación.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Antes da realización do contrato a persoa seleccionada deberá acreditar que reune os requisitos dos puntos d), e), f) da base 3ª Requisitos, cubrindo declaración xurada a tal efecto. Noutro caso, salvo caso de forza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade, e a proposta entenderase realizada a favor do seguinte na relación de suplentes formulada pola Comisión seleccionadora.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada. Ata a formalización do contrato, a persoa seleccionada non terán dereito a percepción económica ningunha. Formulada a proposta pola Comisión seleccionadora e remitida á Consellería de Economía, Emprego e Industria e unha vez asinada a acta de selección, tras a resolución do órgano competente, procederase á formalización do correspondente contrato laboral, tendo como data máxima o 15 de outubro de 2017. O extracto desta resolución coa indicación da persoa aspirante seleccionada será obxecto da publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº 137/2017 - Fecha de decreto: 23/08/2017
ersión imprimible
VD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

10ª.- NORMAS FINAIS.
Primeira.- A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección e en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.
Segunda.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, no Real Decreto 364/1995 e demais lexislación vixente de aplicación.
Terceira.- Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**ANEXO I. TEMARIO**
**SISTEMA NACIONAL DE EMPREGO**
Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Organización, estrutura e competencias
O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). Organización, estrutura e competencias

**INDICADORES DO MERCADO DE TRABALLO**
Definicións da Enquisa de Poboación Activa (EPA)
Taxas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA)

**DESEMPREGO. CONCEPTO E TIPOS**
Concepto
Tipos

**O MERCADO DE TRABALLO ACTUAL**
A normativa actual do mercado de traballo e das relacións laborais
O comportamento das ocupacións
Os novos xacementos de emprego
Os perfiles profesionais da oferta de emprego

**ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS**
Marco conceptual
Requisitos para acreditar as Competencias
Procedemento para a acreditación de Competencias

**CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE. FORMACION PARA O EMPREGO**
Certificados de Profesionalidade
Marco conceptual
Estrutura e contido dos Certificados de Profesionalidade
Formación para o Emprego
Modalidades de impartición da formación referida a Certificados de Profesionalidade
Lugares de impartición da formación referida a Certificados de Profesionalidade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 137/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
ersión imprimible
VD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000145

**A MOBILIDADE DOS TRABALLADORES**
Rede EURES: Rede Europea de Servizos de Emprego
Membros nacionais de EURES

**OS ELEMENTOS ESENCIAIS NO PROCESO DE CREACIÓN DE EMPRESAS**
O plan de empresa: que é, para que e como se elabora

**A WEB 2.0 UN ESPAZO COLABORATIVO**
Mapa de ferramentas 2.0 para a procura de emprego

**ESPAZOS SOCIAIS**
Características e funcionalidades dos principais espazos
Facebook
Twitter
Linkedin
Pinterest
Google+

**MODELOS DE INTERVENCIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL**
Modelo didáctico
Modelo de asesoramento
Modelo centrado nos recursos

**PRINCIPIOS NOS QUE DEBE BASEARSE A ORIENTACION LABORAL**

**PERFIL DO ORIENTADOR/A LABORAL**

**ITINERARIOS DE INSERCIÓN**
Características dos itinerarios de inserción
Esquema base para a elaboración dun itinerario de inserción laboral
Metodoloxía para a elaboración dun itinerario de inserción laboral. Fase de acollida, desenvolvemento e avaliación

**ENTREVISTA DE ORIENTACIÓN LABORAL**
Funcións
Tipos de entrevista
Partes da entrevista
A entrevista de orientación laboral
Diagnóstico en orientación

**ENTREVISTA DE SELECCIÓN POR COMPETENCIAS**
Fases do proceso de selección

**TÉCNICAS E FERRAMENTAS DE EMPREGO**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 137/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000145

Introdución
O proceso de selección
Canles de procura de traballo
Tipo de canle en función do usuario/a
Información complementaria para traballar AUTOCANDIDATURA
Currículo e carta de presentación
Currículo Vitae
Obxectivos do currículo vitae
Estrutura do currículo Vitae
Modelos de currículo Vitae
Recomendacións a transmitir aos/ás usuarios/as
Cartas de presentación
Estrutura das cartas de presentación
Tipos de cartas de presentación
Outras ferramentas máis innovadoras
Entrevistas de selección
Tipos de entrevistas
Outras probas de selección, psicotécnicos e dinámicas grupais
Tipos de probas de selección
Probas profesionais
Probas de cultura xeral
Probas motivacionais
Probas de personalidade
Test aptitudinal
Análise grafolóxico
Assesment Center
Dinámicas de grupo
Rede de Contactos - Networking
Un exemplo de sesión de networking
A xestión emocional dos contactos

2º Ordenar a publicación destas bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

En Boqueixón, mércores 27 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1377/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: W7S0gFJcd47xbsRNZCIT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000146**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LIQUIDACIÓN CANON ABASTECEMENTO 2º CUADRIMESTRE 2017

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000146

**ANTECEDENTES:**

Con data do 04/05/2017 foi aprobado o Padrón de auga do 1º trimestre de 2017, cun nº total de aboados de 1049, dos cales 46 recibos están exentos do pagamento do canon da auga, e 17 recibos están pendentes por aboar, resultando dos mesmos un total de 986 recibos aboados, sendo a data de vencemento do período voluntario do 20/07/2017.

Unha vez contabilizados os importes percibidos polo Servizo de auga do Concello en concepto do canon, con vencemento no cuadrimestre, foron ingresados un total de 8.579,89 **€,** correspondentes ós 986 recibos aboados do 1º trimestre de 2017.

E tendo en conta que o Concello como entidade subministradora debe presentar a Augas de Galicia a autoliquidación do canon correspondente ao período do segundo cuadrimestre do exercicio 2017, procédese a efectuar a liquidación correspondente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ó período do 2º cuadrimestre do 2017, que ascende á cantidade de 8.579,89 €.

2.- Proceder ó ingreso do dito importe no nº de conta ES83 2080 5355 6031 1003 7252 de Augas de Galicia.

En Boqueixón, xoves 28 de setembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 138/2017 - Fecha de decreto: 28/09/2017
Versión imprimible
CVD: oIqftGYCFxnHeiQ5DHFb
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000148**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DE PERSOAL OBRADOIRO DE EMPREGO

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000148

**ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto de data 27 de setembro, no que se resolvía a contratación de 6 traballadores/as como persoal directivo, docente e de apoio e 10 traballadores/as como alumnos/as traballadores/as para desempeñar as funcións no Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra nas especialidades de operacións auxiliares revestimentos continuos en construción e 10 alumnos/as traballadores/as na especialidade de traballos de carpintería e moble.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Que se proceda á contratación dos traballadores máis abaixo relacionados con detalle de cada un deles dende o 29/09/2017 ata o 28/06/2018 coas modalidades de contrato para o director e profesores de Obra/Servizo determinado a tempo completo, salvo a titora, mestra de xestión empresarial e auxiliar administrativo que será a tempo parcial e para os traballadores-alumnos Contrato de Traballo para a Formación e o Aprendizaxe a tempo completo.

Persoal directivo, docente e de apoio:

| Nome e apelidos | Categoría profesional | Custo salarial bruto | Seg.Soc. Concello | Grupo cotizac/oc |
|---|---|---|---|---|
| María Carmen González Lestón | Directora | 2.125,71 | 696,17 | 1 |
| Juan Carlos Pérez Fernández | Mestre da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción. | 1.730,40 | 654,09 | 8 - D |
| Jesús Gamás Villanueva | Mestre da especialidade de Traballos de carpintería e moble. | 1.730,40 | 654,09 | 8 - D |
| María Teresa Gondar Bermín | Titora | 865,20 | 283,35 | 2 |
| Ana Serramito Vázquez | Mestra de xestión empresarial | 865,20 | 283,35 | 2 |
| José Antonio Girón Soutullo | Auxiliar administrativo | 626,77 | 201,19 | 7 - A |

Alumnos-traballadores:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

ecreto Nº: 139/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
ersión imprimible
VD: cp22pB16blzS3ArJo7fh
erificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000148

| Nome e apelidos | Categoría profesional | Custo salarial bruto | Seg.Soc. Concello | Grupo cotización |
|---|---|---|---|---|
| Neresa Lueiro Balado | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Yolanda Rodríguez Suárez | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Carlos Millán Liñares | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Cesáreo Cereijo Caneda | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| José Roberto Junquera García | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Deborah Rachel Cannizzo Ortega | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Milagros Carbia Ramos | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Israel Adonai Jimenez Medina | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Cristian Ingelmo Rodríguez | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Fernando Neira Maceira | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Olaia Fuentenebro Daza | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Sebastián Núñez Barral | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| José Mella Bugallo | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Ismael Lodeiro Guzmán | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Isabel Iglesias Carbia | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| María Teresa Castiñeiras Lobato | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| José Antonio Manteiga Iglesias | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Denis Barrio Barral | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Iván Valdés Uzal | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |
| Diego Collazo García | Peón | 825,65 | 41,83 | 10 |

Subvención concedida pola Xunta de Galicia - Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Achega Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, venres 29 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1397/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
Versión imprimible
CVD: cp22pB16blzS3ArJo7fh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000147

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000147

**ANTECEDENTES:**

Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2017, iniciouse o procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar cuxos pregos son os aprobados na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro e modificados na Xunta de Goberno do día 16 de marzo.

O ser un procedemento con regulación harmonizada, publícanse anuncios no DOUE, BOE e BOP.

O día 17 de maio sae publicado o anuncio da licitación no DOUE, o día 3 de xuño no BOE e o día 26 de maio no BOP.

No prazo establecido para a presentación de ofertas, que remataba o día 26 de xuño, presentáronse as seguintes ofertas:

1. Pedroso y Rojas, SL

2. Servital Servicios Sociosanitarios, SL

3. Servizos Sociais Ulla Sar, SL

4. UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL- Optima Facility Services, SL

5. Son A Tua Axuda, SL

6. Atendo Calidade, SL

7. OHL Servicios Ingesan, SA

8. Tu Mayor Amigo, SL

Segundo consta na acta da mesa de contratación do día 14 de xullo, a documentación presentada nos sobres A foi clasificada e dase por correcta e ábrense os sobres B de Referencias Técnicas que son entregados ó comité de expertas para que realicen o correspondente informe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº 130/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+8O8hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000147**

Con data 21 de agosto é asinado o informe polo comité de expertas, no que constan as seguintes puntuacións:

| EMPRESAS | PROXECTO TÉCNICO | MELLORAS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 29,4 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 24,35 | 18 | 42,35 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 31,5 |
| UTE AO Mayores Servicios Sociales, SL Òptima Facility Services,SL | 16,3 | 7,4 | 23,7 |
| Son a túa axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 25,05 |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 44,75 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 18,3 | 7,5 | 25,8 |
| Tu Mayor Amigo, SL | 17,45 | 6,75 | 24,2 |

O día 6 de setembro, reúnese a mesa de contratación para a apertura dos sobres C de ofertas económicas e obtéñense os seguintes resultados:

<u>Prezos ofertados</u>

| | Libre concorrencia | | Dependencia | |
|---|---|---|---|---|
| | Prezo € ( sen IVE) | | Prezo € ( sen IVE) | |
| EMPRESAS | Ordinario | Extraordinario | Ordinario | Extraordinario |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 12,74 | 13,47 | 12,74 | 13,47 |
| Atendo Calidade,SL | 12,50 | 3,00 | 13,30 | 13,50 |
| Tu mayor amigo, SL | 13,48 | 14,28 | 13,48 | 14,28 |
| Son a Tua Axuda, SL | 12,30 | 12,80 | 12,30 | 12,80 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 13,23 | 13,99 | 13,23 | 13,99 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 12,58 | 13,58 | 12,58 | 13,58 |
| Pedroso y Rojas, SL | 12,30 | 13,80 | 12,30 | 13,80 |
| Mayores - Optima | 12,99 | 13,48 | 12,99 | 13,48 |

<u>Oferta de horas anuais que as empresas ofertan para a cobertura de situacións de emerxencia ou reforzo temporal do servizo.</u>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 1407/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+8O8hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

**exp. 2017/G003/000147**

Tódalas empresas coinciden e ofertan un total de 120 horas anuais.

Horas anuais de prestacións específicas complementarias:

| Empresas | Servizos | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fisioterapi a | Podoloxía | T. ocupacional | At. Psicolóx. | Perruquería | |
| | Horas anuais | | | | | |
| Servital Servicios S.SL | 25 | 25 | | 5 | 25 | 80 |
| Atendo Calidade | 20 | | | 60 | | 80 |
| OhL Servicios Ingesan, SA | 1 | 1 | 1 | 1 | 76 | 80 |
| Son a Tua Axuda, SL | 10 | 10 | 10 | 10 | 40 | 80 |
| Mayores- Optima | 10 | 15 | 10 | 5 | 40 | 80 |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 16 | 16 | 16 | | 16 | 64 |
| Tu Mayor Amigo,SL | | | | | 80 | 80 |
| Pedroso y Rojas, SL | 80 | | | | | 80 |

A mesa de contratación á vista dos datos presentados aplica os criterios de valoración establecidos nos pregos.

En primeiro lugar exclúe do proceso de baremación á empresa Tu Mayor Amigo,SL posto que presenta un prezo extraordinario que supera o tipo de licitación fixado.

En segundo lugar e por unha parte calcula a puntuación de cada empresa segundo os prezos ofertados en cada unha das prestacións e aplica a fórmula a cada un dos prezos para logo ó final obter unha media coas puntuacións totais. O resultado destas operacións é o seguinte:

| Empresas | Puntuación Total |
|---|---|
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 13,95 |
| Atendo Calidade,SL | 18,74 |
| Son a Tua Axuda, SL | 23,46 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 4,69 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 15,35 |
| Pedroso y Rojas, SL | 17,62 |
| Mayores - Optima | 10,72 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Fecha de decreto: 25/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+8O8hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000147

Por outro lado, calculan as puntuacións acadadas polas horas ofertadas para situacións de emerxencia e prestacións específicas complementarias, obtendo o seguinte resultado:

| | H.ANUAIS SIT. EMERXENCIA MÁXIMO 12 PUNTOS | | | PRESTACIÓNS ESPEC. COMPLEM. MÁXIMO 8 PUNTOS | | | SUMA TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EMPRESAS | 0,10 hora/ano | | | 0,10 hora/ano | | | |
| | N. horas | Puntos | Total | N. horas | Puntos | Total | PUNTUACIÓN |
| Servizos Sociais Ulla Sar, SL | 120 | 0,10 | 12,00 | 64 | 0,10 | 6,40 | 18,40 |
| Atendo Calidade,SL | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |
| Son a Tua Axuda, SL | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |
| OHL Servicios Ingesan, SA | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |
| Servital Servicios Sociosanitarios, SL | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |
| Pedroso y Rojas, SL | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |
| Mayores - Optima | 120 | 0,10 | 12,00 | 80 | 0,10 | 8,00 | 20,00 |

Finalmente, a mesa de contratación presenta o cadro coa suma das puntuacións totais e propón ó órgano de contratación excluír do proceso de contratación á empresa Tu Mayor Amigo,SL por presentar unha oferta económica no prezo extraordinario que supera o prezo de licitación e, adxudicar o contrato á empresa Atendo Calidade, SL por ser a oferta máis vantaxosa segundo os datos obtidos na valoración.

Na resolución da alcaldía do día 18 de setembro, clasifícanse as ofertas presentadas pola mesa de contratación e obtense o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 140/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+808hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000147

| | Criterios xuizo de valor | | Criterios forma automática | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Empresas | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Horas emerxencia | Prestacións | TOTAL |
| Atendo Calidade,SL | 26,75 | 18 | 18,74 | 12 | 8 | 83,49 |
| Servital S. Soc. SL | 24,35 | 18 | 15,35 | 12 | 8 | 77,7 |
| Son a tua axuda, SL | 11,45 | 13,6 | 23,46 | 12 | 8 | 68,51 |
| Pedroso y Rojas, SL | 18,1 | 11,3 | 17,62 | 12 | 8 | 67,02 |
| Servizos Soc. Ulla Sar, SL | 18,5 | 13 | 13,95 | 12 | 6,4 | 63,85 |
| Mayores - Optima | 16,3 | 7,4 | 10,72 | 12 | 8 | 54,42 |
| OHL Servicios Ingesan,SL | 18,3 | 7,5 | 4,69 | 12 | 8 | 50,49 |

Na mesma resolución dítase requirirlle á empresa Atendo Calidade, SL que presente a documentación correspondente, coa finalidade de adxudicar o contrato, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles. O día 25 de setembro a empresa presenta toda a documentación solicitada.

Polo tanto, e dentro do prazo de cinco días hábiles que o órgano de contratación ten para adxudicar o contrato, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aceptar a proposta da mesa de contratación e adxudicar o contrato do servizo de axuda no fogar á empresa Atendo Calidade, SL que ofertou os seguintes servizos e prezos:

Libre concorrencia - Prezo ordinario: 12.50 €/hora ( sen IVE)

- Prezo extraordinario: 3.00 €/hora ( sen IVE)

Dependencia - Prezo ordinario: 13.30 €/hora ( sen IVE)

- Prezo extraordinario: 13.50 €/hora ( sen IVE)

Oferta de horas anuais para a cobertura de situacións de emerxencia ou reforzo temporal do servizo - 120 horas

Prestacións específicas complementarias - 20 horas/ anuais de fisioterapia

- 60 horas /anuais de atención psicolóxica

2. A formalización do contrato en documento administrativo non se realizará ata que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, segundo consta no art.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Decreto Nº: 140/2017 - Fecha de decreto: 25/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+308hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es



156.3 do TRLCSP.

3. Notificar á empresa Tu Mayor Amigo,SL que foi excluída do procedemento de licitación por presentar un prezo extraordinario que supera o tipo de licitación, segundo consta no art. 84 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos. A empresa oferta un prezo por hora de 14,28 €, e o tipo de licitación fixouse en 14,25 €.

4. Notificar esta resolución a tódalas empresas que se presentaron a esta licitación.

En Boqueixón, venres 29 de setembro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

Decreto Nº: 140/2017 - Fecha de decreto: 29/09/2017
Versión imprimible
CVD: 8Lq+61D5y+8O8hhXgr45
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)